

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra dona _____, en representación da empresa Mantiñán Lestayo, S.L. unipersonal, segundo consta na escritura outorgada ante a notaria dona _____, con data _____ e número de protocolo _____.

E doutra don _____ e don _____, actuando en nome da empresa "Metales y muebles especiales, S.L.", en virtude das facultades outorgadas por escritura pública ante o notario _____ con data _____ e número de protocolo _____.

Don _____ actúa en calidade de administrador único da sociedade "Caamaño & Figueira invest, S.L.U.", en virtude das facultades outorgadas ante o notario _____ con data _____ e número de protocolo _____.

Don _____ actúa en calidade de administrador único da sociedade "Mahía & Solís invest, S.L.U.", en virtude das facultades outorgadas ante o notario _____ con data _____ e número de protocolo _____.

As sociedades "Caamaño & Figueira invest, S.L.U." e "Mahía & Solís invest, S.L.U.", á súa vez están habilitadas para actuar en nome da sociedade "Metales y muebles especiales, S.L.", en virtude das facultades outorgadas por escritura pública ante o notario _____ con data _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día 11 de xuño de dous mil dezaoto asinouse o Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Malasa Grupo S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación das empresas Mantiñán Lestayo, S.L. unipersonal e Metales y muebles especiales, S.L., en adiante “as empresas asinantes” no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. As empresas Mantiñán Lestayo, S.L. unipersonal e Metales y muebles especiales, S.L. aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o día 11 de xuño de dous mil dezaoto entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Malasa Grupo S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas asinantes comprométense a acoller nas súas instalacións o número de alumnos e alumnas que para cada ciclo formativo e distribución que se establece no anexo.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado o día 11 de xuño de dous mil dezaoto entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Malasa Grupo S.L., cun representante para cada unha das empresas asinantes.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de

novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

**O representante da entidade mercantil
Mantiñán Lestayoy, S.L. unipersonal**

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.: _____

Os representantes da empresa Metales y muebles especiales, S.L.

Asdo.: _____

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución de postos de formación por ciclo formativo e empresa

Empresa	Ciclo formativo	Nº de prazas
Mantiñán Lestayo, S.L. unipersonal	Soldadura e Caldeiraría	7
Metales y muebles especiales, S.L.	Carpintería e Moble	7
Total		14